

**NORMATIVA DE PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS
OFICIAIS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO**
(Aprobada no Consello de Goberno de 23 de xuño de 2015 e
modificada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016)

PREÁMBULO

A Universidade de Vigo é unha institución pública á cal lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior e, como tal ten o compromiso de acadar os maiores niveis formativos para o seu alumnado.

A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que calquera estudante poida cursar de forma simultánea dous estudos de Grao, mediante a proposta dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) elaborado polos centros respectivos sobre os planos de estudos oficiais.

Esta formación combinada debe responder a unha demanda concreta do tecido empresarial reflectida na Memoria de cada programa conxunto. Como queira que esta demanda vai en aumento, cómpre establecer unha normativa xeral na Universidade de Vigo que regule estas posibilidades.

Por isto, o Consello de Goberno, na súa sesión do 23 de xuño de 2015, acorda aprobar a **Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo**.

Artigo 1. Obxecto

A presente Normativa ten por obxecto regular os programas conxuntos de estudos oficiais de Grao (PCEO) na Universidade de Vigo.

Artigo 2. Autorización do programa

A Universidade de Vigo autorizará a posta en marcha dun novo PCEO logo da aprobación polo Consello de Goberno da Memoria incluída no Anexo I desta Normativa. Esta memoria, que debe ser aprobada polas Xuntas de Centro correspondentes, debe incluír:

1. Titulacións que se obterán.
2. Duración do PCEO.

3. Centro responsable das xestións administrativas, prácticas en empresa e programas de intercambio do alumnado do programa conxunto.
4. Centro/s de impartición do ensino.
5. Coordinación do PCEO.
6. Número de estudantes.
7. Planificación da ensinanza.

Artigo 3. *Admisión de estudantes*

1. A solicitude de admisión para cursar o PCEO realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade de Vigo.
2. Só poderá optar ao PCEO o estudantado que reúna os requisitos legais de acceso e admisión para ambos graos.
3. Dado que o PCEO se introduce de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderá solicitar a admisión para estes estudos:
 - 3.1 En xeral, o estudantado que xa estea a cursar calquera dos dous graos obxecto do PCEO. Isto é, para o alumnado que xa iniciase un dos dous graos e desexen cursar de forma conxunta os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade de Vigo sobre simultaneidade de estudos, facilitándolles, na medida do posible, a súa adaptación. De xeito excepcional, reservarase unha porcentaxe de prazas para o alumnado que estea a cursar no mesmo centro da Universidade de Vigo calquera dos dous graos obxecto de PCEOs. Esta porcentaxe será, polo menos, do 2% das prazas ofertadas no PCEO para alumnado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo. A memoria do PCEO recollerá os requisitos a cumprir por este alumnado.
 - 3.2 O estudantado que no momento da admisión estea en posesión do título de Graduada/o nun dos graos obxecto de programación conxunta.
 - 3.3 O estudantado que no momento da admisión estea en posesión do título de Diplomado/a, Enxeñeira/o/Arquitecta/o Técnica/o, Licenciado/a ou Enxeñeira/o/Arquitecta/o Superior equivalente a un dos graos obxecto de simultaneidade.

En caso de acceder ao PCEO alumnado que non cumpra os requisitos establecidos neste artigo, a Universidade de Vigo procederá de oficio, e en calquera momento, á anulación da matrícula correspondente. Neste caso, o alumnado terá dereito á devolución do importe da matrícula.

Artigo 4. Criterios de matrícula

O alumnado que curse estes estudos deberase matricular a tempo completo no primeiro curso. A partir de segundo curso, matricularase da totalidade dos créditos correspondentes ao curso de que se trate ou:

- **dun número mínimo** de 48 ECTS, agás no caso de que a cantidade de créditos necesaria para rematar o PCEO sexa inferior.
- **dun número máximo** de créditos non superior ao número de créditos do curso completo do PCEO que estea a cursar a alumna ou alumno incrementado nun 25%. Enténdese por curso completo, o curso máis alto no que estea matriculado o/a alumno/a.

Para os efectos dos criterios de matrícula, o alumnado do PCEO non estará rexido pola *Normativa de Permanencia e progreso do alumnado* da Universidade de Vigo.

Artigo 5. Avaliación

As convocatorias de exame das distintas materias realizaranse nas datas que determine o calendario oficial no centro responsable do PCEO, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Artigo 6. Requisitos de permanencia.

A permanencia no PCEO rexerase polo establecido na Normativa de Permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e de máster universitarios da Universidade de Vigo.

Artigo 7. Representación e Bolsas

1. Para os efectos de participación en órganos de goberno, consideraranse estudantes con vinculación ao centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes.
2. Para os efectos de solicitude de bolsas ou axudas, consideraranse estudantes, con carácter xeral, con vinculación ao centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes.

Artigo 8. Abandono dunha das dúas titulacións

1. Calquera estudante, de ser o caso, poderá optar por calquera das dúas titulacións iniciadas, sempre que teña aprobada como mínimo dúas materias ou 12 ECTS do primeiro curso da titulación que vaian cursar, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos básicos superados.

2. Calquera estudante poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxese a convocatoria de matrícula que se aprobe para cada curso académico.

Artigo 9. Traslados de expediente e cambio de centro

Establécese a posibilidade de que o alumnado da Universidade de Vigo desexe trasladarse, na mesma ou a outra universidade, para facer un PCEO equivalente. Nese caso a secretaría de alumnado de cada centro debe emitir a certificación dos estudos realizados ata o momento.

Do mesmo xeito, debe establecerse a posibilidade de que o alumnado doutras universidades españolas que curse un PCEO equivalente poida trasladarse á Universidade de Vigo.

O número de prazas para traslado desde outro PCEO equivalente será, polo menos, o 2% do total das prazas ofertadas no PCEO para alumnado de novo ingreso. Se da aplicación da devandita porcentaxe non resultase un número enteiro, redondearase ao número enteiro superior máis próximo.

Artigo 10. Recoñecementos específicos para estudantes do PCEO

1. Ao alumnado que curse o PCEO recoñeceráselle os créditos das materias optativas dos graos polos créditos das materias obrigatorias que constan na Memoria da Programación Conxunta, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas materias obrigatorias. Non poderá darse o recoñecemento inverso, é dicir, non serán recoñecidas materias obrigatorias por materias optativas cursadas.

O recoñecemento realizarase polo decanato/dirección do centro correspondente. A solicitude do/a estudante, logo de ser revisada pola administración do centro, resolverase no momento en que supere o total de créditos correspondente ao plano de estudos do PCEO, agás os do Traballo de Fin de Grao.

2. O alumnado que curse o PCEO poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos de acordo co establecido no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (Consello de Goberno do 12/02/2014). Este recoñecemento será de ata un máximo de 12 ECTS para un dos graos ou ben 6 ECTS en cada grao obxecto de PCEO.

3. O recoñecemento de créditos cursados en títulos propios e/ou por acreditación de experiencia laboral/profesional soamente terá lugar nun dos graos obxecto de PCEO. O número máximo de créditos recoñecidos será o fixado na Memoria de Verificación de cada grao obxecto de PCEO.

4. O recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias soamente terá lugar nun dos graos obxecto de PCEO. O número máximo de créditos recoñecidos será o fixado pola Xunta de Galicia no *Catálogo de recoñecementos entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional e materias de estudos universitarios*.

5. O recoñecemento de créditos de formación básica cursados noutros graos realizarase de xeito proporcional aos créditos de formación básica a cursar no grao correspondente do PCEO segundo o establecido no artigo 13.a do *Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais*. Non poderá darse un dobre recoñecemento polas materias de formación básica cursadas.

6. Calquera recoñecemento de créditos fóra do especificado pola normativa vixente é responsabilidade da Comisión con competencias en recoñecementos de cada centro.

Artigo 11. Mencións

No caso de que o grao obxecto de programación conxunta teña unha ou varias mencións obrigatorias para o alumnado, o alumnado da PCEO tamén ten a obriga de cursar e aprobar as materias asignadas á dita mención.

Artigo 12. Traballo Fin de Grao

De acordo co establecido no Real Decreto 861/2010, non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes ao Traballo Fin de Grao (TFG).

Polo tanto, cada estudante debe realizar e aprobar dous TFG, cada un dos cales debe acreditar a adquisición do conxunto de competencias conducentes á obtención de cada grao do programa conxunto e deben ter unha duración igual ao TFG do grao de orixe. Ambos Traballos Fin de Grao poderán comenza e desenvolverse no tempo simultaneamente.

Artigo 13. Expedición dos títulos oficiais de Grao

Cada estudante deberán solicitar a expedición de cada un dos dous títulos oficiais, ante os servizos administrativos de cada centro. Pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

Os trámites administrativos que se realizarán en cada un dos servizos mencionados serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais na Universidade de Vigo.

Artigo 14. Guías docentes

As guías docentes das materias dos PCEOs deben coincidir coas guías docentes das ditas materias nos graos obxecto do PCEO e deben ser idénticas ao establecido nas memorias dos ditos graos.

Disposicións finais

Primeira:

A Universidade de Vigo resérvase o dereito de non ofertar, para os seguintes cursos académicos, os PCEO se a demanda destes estudos non se correspondera coa oferta académica anual. Porén, o alumnado matriculado terá garantida a posibilidade de finalizar os seus estudos no PCEO.

Segunda:

Sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola convocatoria de matrícula correspondente a cada curso académico e pola normativa académica vixente da Universidade de Vigo que resulte de aplicación.

Corresponderalle á Reitoría, ou vicerreitoría en que delegue, a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdan na aplicación da presente normativa.

Terceira:

A presente normativa entrará en vigor a partir da súa aprobación en Consello de Goberno.

As normativas específicas para os PCEO que existen deberán modificarse para adaptarse á presente normativa.

**MEMORIA PARA O PROGRAMA
CONXUNTO DE ESTUDOS
OFICIAIS DO GRAO (PCEO) DO
GRAO EN _____ E O
GRAO EN _____
(Campus de _____)
Consello de Goberno de
_____**

Artigo 1. Autorización do programa

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) proposto polas Facultades/Escolas de _____ e de _____ que permite simultanear os estudos de Grao en _____ e Grao en _____ mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos planos de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O alumnado que supere o PCEO _____ obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en _____ e Graduada/o en _____ pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de _____ cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de _____ ECTS, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

Artigo 4. Centro responsable do programa

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante así como para a tramitación das bolsas do alumnado, acórdase designar á _____ como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 13 da Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao para o procedemento de expedición de títulos oficiais.
2. Acórdase designar á _____ como centro responsable das prácticas e empresa do alumnado do PCEO.
3. Acórdase designar á _____ como centro responsable dos programas de intercambio do alumnado do PCEO.

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

1. Os cursos impartiranse na Facultade de _____ e na Facultade de _____
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PCEO e que contribúa a súa integración na vida de cada Centro.

3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do alumnado con anterioridade ao período de matrícula.

Artigo 6. Coordinación do PCEO

1. Existirá unha persoa coordinadora do PCEO. A súa elección correspóndelle ao/á _____.
2. Ademais establecerase un órgano coordinador que deberá respectar a composición paritaria de mulleres e homes e estará formado por _____

Artigo 7. Número de estudantes

Para o curso académico _____ ofértanse _____.

O __ % destas prazas detraeráanse das prazas correspondentes á oferta do grao en _____ e o __ % das prazas correspondentes á oferta do grao en _____. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno.

Para o curso académico _____ ofertáanse _____ para traslado desde outro PCEO equivalente.

Artigo 8. Normativa

Esta memoria así como as cuestións non recollidas na presente memoria, debe rexerse polo establecido na Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo, aprobada no Consello de Goberno de 23 de xuño de 2015 e modificada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016.

ANEXO I

PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

PRIMEIRO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |

SEGUNDO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |

TERCEIRO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |

CUARTO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |

QUINTO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |

SEXTO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| PRIMEIRO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |
| SEGUNDO CUADRIMESTRE (__ ECTS) | | | | | |

ANEXO II

A) Os créditos das seguintes disciplinas optativas do Grao en _____
recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias
ou de formación básica do Grao en _____

Táboa de recoñecementos:

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |